

hai unha hora | [Movementos sociais](#)

O MGSM responsabiliza os recortes da morte dunha paciente en Conxo

Marcos Pérez Pena | [@marcosperezpena](#)

Nos últimos meses unha paciente da Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Hospital Médico-Cirúrxico de Conxo suicidouse. Ademais, outra denunciou ter sufrido unha agresión sexual. O [Movemento Galego da Saúde Mental \(MGSM\)](#), que leva anos denunciando a degradación que sofre a atención á saúde mental en Galicia, responsabiliza do sucedido aos recortes de recursos e persoal e ás "formas de xestión sen planificación e obstaculizadoras da participación dos profesionais".

O MGSM sinala que **a política desenvolvida nos últimos anos "compromete a calidade asistencial e a seguridade dos pacientes"**, o que segundo o Movemento se vén de confirmar cos recentes acontecementos, "cuestións de indubidable gravidade que deben entenderse no marco de deterioro" sinalado. "Diversos compoñentes da calidade asistencial na sanidade víronse afectados pola xestión que se fixo da crise económica", afirma a entidade, subliñando especialmente "as intolerables carencias na garantía de seguridade das persoas cando reciben atención sanitaria, a vulneración do seu dereito a tratamentos e coidados sanitarios acordes cos coñecementos actuais e en igualdade cos demais pacientes e usuarios, e o escaso respecto aos seus dereitos fundamentais e sanitarios".

A plataforma lembra que leva tempo denunciando publicamente **a "escasa dotación" da unidade de atención psiquiátrica**, a "frecuente retirada do persoal de Enfermería da mesma para cubrir necesidades doutros servizos do mesmo hospital, tamén debilitados polos recortes de persoal", a **"escasa actividade dos pacientes ingresados"**, a "carencia de Terapeuta Ocupacional no equipo", a falta de medios para a coordinación e elaboración de plans terapéuticos nos que participen e se coordinen todos os profesionais, e "a repetición de agresións ao persoal".

"Quen ten a obriga de dirección e xestión nada fixo ante estas carencias e advertencias para corrixir o arriscado rumbo que se estaba a seguir", critica. O MGSM salienta que os acontecementos denunciados "non poden aceptarse silenciándoos ou permanecendo pasivos ante os mesmos, e menos aínda por profesionais da saúde mental. A sociedade ten dereito a saber o que ocorre nos servizos públicos que sustenta co seu esforzo".

"Feitos así deben ser coñecidos publicamente, e tamén deben ser tratados polos responsables do SERGAS como graves indicadores de que algo vai moi mal na atención á saúde mental", engaden.

Para a súa prevención futura, o MGSM pide "a adopción de inmediato das medidas oportunas", recollendo as achegas dos profesionais, en particular de Enfermería, para a mellora da calidade da hospitalización psiquiátrica. Pola contra, rexeita que a solución pase por "meras medidas de reforzamento do control dos pacientes ou de aumento da coerción sobre os mesmos". "Esa prevención debe realizarse reforzando a finalidade terapéutica da hospitalización e o respecto aos dereitos fundamentais das persoas, dotando de profesionais suficientes e coa cualificación adecuada", subliña.

Destaca, especialmente, a necesidade de reforzar a Enfermería e a Terapia Ocupacional e a adopción de "formas de traballo participativas e coordinadas entre todos os profesionais", definindo "protocolos e instrucións de traballo claras ante os potenciais riscos", e rexistrando documentalmente de xeito sistemático a actividade desenvolvida por todos os profesionais que prestan asistencia.

O SERGAS nega os recortes

A Xerencia de Xestión Sanitaria de Santiago negou este xoves que houbera unha "merma" de recursos ou de persoal na área de hospitalización psiquiátrica, e sinalou que os medios son os "adecuados". Pola contra, o MGSM leva anos [acusando a Xunta de seguir "criterios económicos e non clínicos" na saúde mental](#). A plataforma [alertou en varias ocasións do peche de camas no Hospital de Conxo](#) sinalando ademais que [se estaban a limitar os ingresos psiquiátricos](#) de pacientes en descompensación aguda e a precipitar as altas, "reducíndose temerariamente as estadias hospitalarias", buscando "ocupar un número menor que as prazas libres, para que así se poidan soportar os recortes de persoal sufridos".

"Noutros ámbitos os efectos dos recortes e da crise económica poden tardar máis tempo en manifestarse, pero na saúde mental o efecto prexudicial da crise é seguro e é importante" [explicaba en entrevista con Praza](#) Miguel Anxo García Álvarez, psicólogo clínic do CHUS e voceiro do MGSM, que [reclamaba](#) que "a atención á saúde mental debe ser prioritaria para as políticas sanitarias públicas".

A Asociación de Pacientes e Usuarios do CHUS manifestou este xoves a súa "alarma e indignación mais profunda" por uns feitos que **"non son produto da casualidade ou do azar, senón que son a expresión dos efectos que sobre os pacientes está a producir a política de austeridade** que desde o ano 2008 está a perpetrarse polas autoridades sanitarias no Sistema Público de Saúde. A entidade denuncia que "os pacientes ingresados nos servizos Psiquiátricos de Conxo sofren de forma permanente ás carencias mais esenciais para poder acadar un tratamento adecuado" e explica, por exemplo, que **"o persoal especializado é manifestamente insuficiente"** pois "para o conxunto do

completo e un total de 200 pacientes tan só hai 7 psiquiatras algún dos cales vese obrigado a facer gardas no Hospital Clínico e no Gil Casares". "Este reducido cadro de persoal vese abrumadora pola carga de traballo que soportan e que reverte na desatención e menor vixilancia dos pacientes e na insuficiente terapia rehabilitadora", engaden.

O BNG vén de solicitar a **comparecencia urxente do conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuíña, no Parlamento galego** e a apertura dunha investigación inmediata por parte das autoridades sanitarias "para aclarar os feitos e as responsabilidades sobre os graves feitos".

COA TÚA ACHEGA FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.

OUTRAS NOVAS RELACIONADAS:

Luns 10, Outubro 2016 | [Movementos sociais](#)

Desmontando prexuizos sobre as enfermidades mentais

GALEGAS 2016 ▼ Luns 19, Setembro 2016 | [Movementos sociais](#) |

"A prioridade nesta lexislatura é a reconstrución do sistema de dereitos sociais que se destruíu"

Xoves 2, Xuño 2016 | [Ciencia e tecnoloxía](#)

"Un traballo máis intenso en atención primaria permitiría desmedicalizar a enfermidade mental"

Xoves 31, Marzo 2016 | [Movementos sociais](#) |

Galicia rexistra a maior cifra de suicidios en vinte anos

Venres 11, Setembro 2015 | [Movementos sociais](#)

O MGSM acusa o Sergas de "eludir a súa responsabilidade" no "grave problema" do suicidio

POLA SANIDADE PÚBLICA ▼ Venres 10, Xullo 2015 | [Movementos sociais](#)

O MGSM denuncia a limitación de ingresos psiquiátricos e a aceleración de altas en Santiago

Luns 8, Xuño 2015 | [Movementos sociais](#)

15 prazas menos en Conxo nun escenario de "agravamento" da saúde mental

Xoves 12, Marzo 2015 | [Movementos sociais](#)

Os suicidios aumentaron un 40% en Galicia dende 2010

Mércores 8, Outubro 2014 | [Movementos sociais](#)

O MGSM pedirá no Parlamento que a saúde mental sexa "prioritaria" na política sanitaria